

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

14554 *Real decreto 556/2019, do 27 de setembro, polo que se aproba a segregación da Delegación en Extremadura do Colexio Nacional de Doutores e Licenciados en Ciencias Políticas e Socioloxía.*

A Delegación de Extremadura do Colexio de Doutores e Licenciados en Ciencias Políticas e Socioloxía en asemblea xeral extraordinaria, celebrada o 29 de novembro de 2018, acordou por unanimidade a segregación da dita delegación territorial do Colexio Nacional. A facultade que asiste as delegacións territoriais de segregarse do Colexio Nacional está recollida no artigo 34 dos estatutos do Colexio Nacional de Doutores e Licenciados en Ciencias Políticas e Socioloxía, aprobados polo Real decreto 2826/1980, do 22 de decembro.

A aprobación da dita segregación foi promovida ante este departamento pola delegada en Extremadura coa intención de constituír outro colexio de ámbito autonómico, todo isto de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, sobre colexios profesionais.

Ao ser o Colexio Nacional unha corporación de ámbito estatal, a competencia para aprobar a segregación corresponde ao Estado, en canto que a creación dun novo Colexio de Doutores e Licenciados en Ciencias Políticas e Socioloxía en Extremadura é competencia da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto no artigo 9.11 da Lei orgánica 1/2011, do 28 de xaneiro, de reforma do Estatuto de autonomía da Comunidade Autónoma de Extremadura.

O presente real decreto adécuase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En concreto, respectáronse os principios de necesidade, eficiencia e proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible e co rango necesario para a consecución do obxectivo previamente mencionado, sen incremento de gasto público e sen restrinxir dereitos dos cidadáns nin imporlles obrigacións directas de ningún tipo.

O real decreto reforza o principio de seguridade xurídica, pois é coherente coa normativa en materia de colexios profesionais. En canto ao principio de transparencia, a súa tramitación encóntrase exenta da consulta pública previa e dos trámites de audiencia e información públicas. Finalmente, con respecto ao principio de eficiencia, o real decreto non supón a creación de cargas administrativas.

A Avogacía do Estado do Departamento emitiu informe sobre este real decreto. Así mesmo, foi consultada a Comunidade Autónoma de Extremadura.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de setembro de 2019,

DISPOÑO:

Artigo único. *Segregación.*

Apróbase a segregación da Delegación Territorial en Extremadura do Ilustre Colexio Nacional de Doutores e Licenciados en Ciencias Políticas e Socioloxía.

Disposición adicional única. *Efectividade da segregación.*

A segregación a que se refire o artigo único deste real decreto terá efectividade a partir da entrada en vigor da norma autonómica de creación do Colexio de Doutores e Licenciados en Ciencias Políticas e Socioloxía correspondente, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Extremadura.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de setembro de 2019.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade,
CARMEN CALVO POYATO